



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura infantil e xuvenil

Materia	Literatura infantil e xuvenil			
Código	V51G120V01910			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Idioma	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Formación de Profesorado de E.X.B. (Vigo)			
Coordinador/a	Neira Rodríguez, Marta			
Profesorado	Neira Rodríguez, Marta			
Correo-e	marta.neira1@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo será formar e informar sobre a Literatura Infantil e Xuvenil, materia excluída, ou pouco ofertada, nos planos de estudo das licenciaturas, diplomaturas e graos e, con todo, dunha transcendencia fundamental en ámbitos básicos como a formación lectora e a expresión escrita.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	- saber - saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	- saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	- saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	- saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	- saber - saber facer
CG2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro	- saber facer
CG3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar	- saber facer
CG4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá	- saber facer - Saber estar / ser
CE1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar	- saber
CE3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións	- saber
CE7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao periodo 6-12	- saber facer

CE22	Relacionar la educación con el medio, y cooperar con las familias y la comunidad	- saber facer
CE44	Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil	- saber - saber facer
CE45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura	- saber
CE48	Fomentar a lectura e animar a escribir	- saber facer
CT1	Capacidade de análise e síntese	- saber
CT2	Capacidade de organización e planificación	- saber
CT3	Comunicación oral e escrita na lingua materna	- saber
CT12	Habilidades nas relacións interpersoais	- saber facer
CT18	Creatividade	- saber facer - Saber estar / ser
CT20	Coñecemento doutras culturas e costumes	- saber facer - Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer o currículo escolar da lingua e literatura en Primaria	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE3 CE7 CE44 CE45 CT2
Adquirir formación literaria e lingüística e comprender os principios que contribúen á formación persoal e social desde a literatura.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG3 CE1 CE44 CT1 CT3
Coñecemento dos usos expresivos da linguaxe como fundamento para a comprensión da literatura, e valoración do texto literario como medio de comunicación.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE44 CE45 CE48 CT1 CT3
Coñecer o proceso de adquisición e desenvolvemento da competencia literaria en lectores iniciais e en lectores formados.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE1 CE3 CE7 CE44 CE45 CE48 CT1 CT3

Coñecer os principais autores, obras e personaxes da Literatura Infantil e Xuvenil, ademais da tradición e o folclore.

CB1
CB2
CB3
CB4
CB5
CG2
CG3
CE7
CE44
CE45
CE48
CT1
CT2
CT3
CT12
CT18

Saber desenvolver estratexias didácticas para que a iniciación literaria sexa fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

CB1
CB2
CB3
CB4
CB5
CE44
CE45
CE48
CT1
CT2
CT3
CT18

Coñecer métodos para incentivar a lectura estética e a lectura comprensiva. Saber aplicar estratexias didácticas para a comprensión e interpretación das obras literarias.

CB1
CB2
CB3
CB4
CB5
CG4
CE7
CE44
CE45
CE48
CT1
CT2
CT3
CT18

Saber seleccionar textos axeitados para elaborar propostas didácticas orientadas á formación literaria en cada un dos tres ciclos de Educación Primaria.

CB1
CB2
CB3
CB4
CB5
CG2
CG4
CE7
CE44
CE45
CE48
CT1
CT2
CT3
CT18

Valorar o texto literario como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos, linguas e culturas.

CB1
CB2
CB3
CB4
CB5
CG3
CE22
CE45
CE48
CT1
CT2
CT3
CT12
CT20

Fomentar a creatividade lingüística e literaria

CB1
CB2
CB3
CB4
CB5
CG3
CE48
CT3
CT18

Contidos

Tema

Tema 1. Lingua, literatura e cultura.	- Lingua, literatura e cultura. - A educación literaria. - Introducción á Literatura Infantil e Xuvenil. Definición e características. Funcións na sociedade actual. Canles de difusión.
Tema 2. Tipoloxías ou xéneros literarios, didáctica e creación literaria	- Tipoloxías ou xéneros literarios. - A LIX e a súa didáctica. - Tratamento didáctico da literatura en Educación Primaria. - Criterios de selección de textos. - Selección de textos para valorar e gozar da literatura. - Creación literaria.
Tema 3. Ensino e aprendizaxe da Literatura Infantil e Xuvenil, da tradición oral e do folclore.	- Ensino e aprendizaxe da Literatura Infantil e Xuvenil, da tradición oral e do folclore. - Animación á lectura na aula.
Tema 4. A creatividade literaria na escola.	- A creatividade literaria na escola. - Técnicas e estratexias para fomentar a creatividade lingüística e literaria do alumnado. Exemplos prácticos.
Tema 5. Desenvolvemento de experiencias educativas e de materiais didácticos no campo literario.	- Desenvolvemento de experiencias educativas e de materiais didácticos no campo literario.
Tema 6. A Literatura Infantil e Xuvenil: autores, obras e personaxes.	- Clásicos da Literatura Infantil e Xuvenil universal. - Tendencias, autores e obras principais da Literatura Infantil e Xuvenil galega.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	14.5	29.5	44
Traballos tutelados	14	34	48
Presentacións/exposicións	10	24	34
Resolución de problemas e/ou exercicios	12	10	22
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, comentario ou proxecto a desenvolver polo estudantado.

Traballos tutelados	Elaboración de textos orais e/ou escritos sobre cuestións concretas que se especificarán na aula para o cal o alumnado deberá procurar información, manexar bibliografía, etc.
Presentacións/exposicións	Elaboración, presentación e exposición oral/ escrita na aula por parte do alumnado dos traballos de aula sinalados previamente pola profesora.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Comentario de dúbidas sobre o temario e corrección de comentarios literarios ou de calquera exercicio ou práctica realizada na aula.

Atención personalizada

	Descrición
Sesión maxistral	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. Os alumnos disporán de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho D) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.
Traballos tutelados	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. Os alumnos disporán de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho D) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. Os alumnos disporán de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho D) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.
Presentacións/exposicións	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. Os alumnos disporán de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho D) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Sesión maxistral	Asistencia e participación activa.	20	
Traballos tutelados	Elaboración de traballos orais/escritos a partir de lecturas de libros, de artigos, de conferencias a cargo de poñentes de prestixio, etc. que permitan afondar ou complementar os contidos da materia.	30	
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame que será realizado na data oficial publicada na Secretaría do Centro (día 23 de maio de 2016 ás 18.00 h. e día 6 de xullo de 2015 ás 9.00 h. CONFIRMAR NA SECRETARÍA DO CENTRO).	50	

Outros comentarios e avaliación de Xullo

O sistema de avaliación pretende facer o alumnado partícipe do seu proceso de aprendizaxe. En liñas xerais procurárase unha avaliación continua, formativa e global, polo que se terán en conta tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa participación no proceso de aprendizaxe e o resultado final deste proceso.

A cualificación final da materia será o resultado da suma das distintas notas obtidas das actividades realizadas, segundo as porcentaxes asignadas, tal como queda estipulado no cadro superior. É dicir, a cualificación final será a suma da nota do exame (50%), dos traballos realizados (30%) e da asistencia (10%) e participación activa (10%). Malia o dito, será preciso ter un 2,25 sobre 5 no exame para que se computen as demais notas e superar a materia.

ALUMNADO NON ASISTENTE

Aquel alumnado que non asistise ás aulas ou faltase máis dun 20% do cómputo total das aulas impartidas terá que presentarse a un exame de toda a materia (este exame computará un máximo de 5 puntos). Así mesmo, deberá presentar una serie de traballos que a docente lle indicará. Para a asignación destes traballos, o alumno/a deberá poñerse en contacto coa profesora antes do día 15 de abril de 2016. Os traballos terán que ser entregados polo alumno/alumna o día da realización do exame e terán un valor máximo de 5 puntos. Malia o dito, será preciso ter un 2,25 sobre 5 no exame para que se computen as demais notas e se poida superar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

- ÁLVAREZ LEDO, S., M^a C. FERREIRA BOO e M. NEIRA RODRÍGUEZ (eds.) (2013). De la Literatura Infantil a la Promoción de la Lectura. Madrid: CEU Ediciones.
- BRAVO-VILLASANTE, C. (1988). Historia y antología de la literatura infantil universal. Valladolid: Miñón.
- CERRILLO, P. (2007). La formación de mediadores para la promoción de la lectura. Cuenca:UCLM/CEPLI-Fundación SM.
- CERRILLO, P. e J.GARCÍA PADRINO (coords.) (1999). Literatura infantil y su didáctica. Cuenca: Universidad Castilla-La Mancha.
- COLOMER, T. (2010). Introducción a la literatura infantil y juvenil actual. Madrid: Síntesis.
- GARCÍA TEIJEIRO, A. (2009). A poesía necesaria. Vigo: Galaxia.
- GARRALÓN, A. (2001). Historia portátil de la literatura infantil. Madrid: Anaya.
- LLUCH CRESPO, G. e B.A. ROIG RECHOU (coords.) (2005). Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Monográfico do Boletín Galego de Literatura, nº 32, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- MARCOS CARLOS TEIXEIRA DA SILVA, M.A. e I. MOCIÑO GONZÁLEZ (coords.) (2013). Literatura para a Infância e a Juventude e Educação Literaria. Porto: Deriva Editores.
- RODARI, G. (1999). Gramática da fantasía. Pontevedra: Kalandraka.
- ROIG RECHOU, B. A. (coord.) (2015). Historia da Literatura Infantil e Xuvenil. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ROIG RECHOU, B. A., P. LUCAS DOMÍNGUEZ e I. SOTO LÓPEZ (coords.) (2007). Teatro infantil. Do texto á representación. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ROIG RECHOU, B. A., I. SOTO LÓPEZ e M. NEIRA RODRÍGUEZ (coords.) (2009). A poesía infantil no século XXI (2000-2008). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ROIG RECHOU, B. A., I. SOTO LÓPEZ e M. NEIRA RODRÍGUEZ (coords.) (2010). Reescrituras do conto popular. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ROIG RECHOU, B. A., I. SOTO LÓPEZ e M. NEIRA RODRÍGUEZ (coords.) (2011). O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ROIG RECHOU, B. A., I. SOTO LÓPEZ e M. NEIRA RODRÍGUEZ (coords.) (2012). A narrativa xuvenil a debate (2000-2011). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ROIG RECHOU, B. A., I. SOTO LÓPEZ y M. NEIRA RODRÍGUEZ (coords., 2013). Premios literarios e de ilustración na LIX. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

ESTAS FONTES BIBLIOGRÁFICAS SERÁN AMPLIADAS NAS DIFERENTES SESIÓNS DE TRABALLO.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Língua galega/V51G120V01404
Didáctica da lingua e literatura: Galego/V51G120V01501
Língua e literatura: Galego/V51G120V01602

Outros comentarios

Finalmente, en canto ao estudo da materia, recoméndase:

- A asistencia continuada ás aulas presenciais.
- A participación e a realización das tarefas prácticas que se propoñan.
- A dedicación responsable e con rigor ao estudo da materia.
